

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION DE GOBERNO CORRESPONDENTE O DIA 14 DE XUÑO DE 1993.-

Na Casa do 1º Concello de Ribadavia o día catorce de Xuño de mil novecentos noventa e tres; ás oito e media do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Sotelo Barroso, Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde de seguido pásase ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 8 de Xuño corrente.

2.- OBRAS MAIORES.-

Visto o expediente que se tramita neste Concello a instancia de Don Jerónimo Docampo Martínez, na representación de Residencial Ribadavia S.L., sobre construción dun inmovible de baixo e cinco plantas sito na rúa Ribeiro desta Vila, coñece a Comisión de Goberno un informe da Secretaría que fai referencia ó R.D. nº 279/1991 do 1 de Marzo, do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo, no cal, e na súa disposición transitoria segunda, no parágrafo b), sinalase que ós proxectos visados por colexios profesionais, en data anterior á vixencia deste R.D. non lle é preceptiva a aplicación da NBE-CPI/91. A Comisión estudia con detemento a documentación presentada; e visto o informe do Sr. Aparellador Municipal, de data 4 de Maio do

corrente ano, acorda que pase de novo o expediente a coñecemento do técnico municipal para que se emita definitivo informe tendo en conta a aportación legal derivada do mencionado R.D. nº 279/1991, co gallo de que a Comisión teña toda clase de elementos para poder acadalo acordo que corresponda. A Comisión de Goberno desexa aproveitar esta oportunidade para lembrar ó interesado que debe pór en execución inmediata o proxecto de urbanización da Travesía, que xa se lle foi lembrado en varias ocasións.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o proxecto que se tramita para a instalación de calefacción na Residencia de Anciáns Nosa Sra. dos Anxeles, nesta Vila de Ribadavia; vistos os resultados de información pública practicada; vistos os informes técnicos e tendo en conta que o emprazamento non loita coa normativa urbanística de aplicación e mesmo no lugar do emprazamento non hai actividades análogas que poidan producir efectos aditivos a Comisión de Goberno acorda emitir informe favorable para a devandita instalación.- Que se remita o expediente á Comisión Provincial de Medio Ambiente ós efectos de calificación e demais que procedan.

Fica enterada a Comisión de Goberno dun escrito de Don Armando Ojea, veciño de Ourense, no que anuncia que se tramitaron diante da Delegación Provincial da Consellería de Traballo e Servizos Sociais cursiños para as actividades de pintura e decoración; xardinería; protección civil; enoloxía; corte e confección e albanelería.

Visto o escrito da Asociación Cultural-Ecolóxica Ridimoas, desta Vila, que fai referencia a unha actividade de extracción de áridos pola empresa Cartellao, a Comisión de Goberno acorda comunicar á mesma que xa se levaron a cabo as actuacións para a paralización desta extracción de áridos, dando conta das actuacións ós organismos oficiais correspondentes.

Visto o escrito de Dona María Concepción Camiña Garrido, Secretaria Xeral de FETE-U.X.T. da Comarca de Ourense na que

prega unha axuda económica para levar a cabo unhas xornadas de debate sobre a Lei de Reforma Educativa; a Comisión de Goberno acorda comunicar á mesma que este asunto será estudiado cando sexa confeccionado o Orzamento Ordinario desta Entidade para o corrente ano, no que se tratará de contemplar esta axuda e sempre para o vindeiro curso académico.

A Comisión de Goberno concede a acometida de auga, para usos domésticos, no inmovible sito na estrada a Filgueira, nº 18, de Don Angel García Rodríguez, ó que representa Don José García Rodríguez, veciño de Francelos, con domicilio na estrada de Filgueira, nº 16. O interesado fará aboamento da cantidade de 7.000 pesetas, importe da taxa por esta licencia, sen o cal requisito ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito de Don Ricardo Davila Vázquez, veciño de Vigo, con domicilio na rúa José Antela Conde, 6, 3º, no que comunica que hai uns días vendeu a correspondente parte do inmovible da súa propiedade sito nesta Vila, na rúa Porta de Arriba, nº 17, a Don Juventino Fernández Justo, veciño de Ribadavia, a Comisión de Goberno dáse por enterada e aproveita esta oportunidade para indicar a Don Juventino Fernández Justo que debe levar a cabo urxentemente as actuacións que xa lle foron notificadas no seu día para a correspondente consolidación deste inmovible, facéndolle responsable, en todo caso, dos danos que poidan causarse ás persoas e cousas.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Visto o escrito da Excma. Deputación Provincial que fai referencia ós casos de execución por administración municipal de obras de planos provinciais a Comisión de Goberno acorda facer fincapé en que con moito gusto disporá que se remitan os informes da Secretaría e Intervención sempre que se contemple no devandito Plano Provincial a obra solicitada no seu día nomeada Remodelación da Alameda.

Tamén coñece a Comisión de Goberno un escrito da Excma. Deputación Provincial, nº 5.257, do 7 de Xuño corrente que fai referencia a aportacións municipais a obras de Planos Provinciais, acordando que se faga o correspondente estudio para

ve-la posibilidade de salda-las cantidades que aparecen como saldo acreedor a prol do devandito órgano Provincial.

A Comisión de Goberno acepta a subvención de 500.000 pesetas, en principio, concedida pola Consellería de Industria e Comercio, con destino ó funcionamento e actividades da O.M.I.C., segundo a Orde do 1 de Marzo último, publicada no D.O.G. do 12 do mesmo mes.

En relación co escrito nº 907, do 4 de Xuño corrente, recibido o día 8, remitido polo Sr. Xefe do Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural, en Ourense, da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, no que se sinala que para poder atende-la petición respecto da obra "Pavimentación e cunetas no Camiño Muiño de San Cristovo", é preciso remitir proxecto de técnico competente, pois o presuposto da mesma rebasa a cantidade de 2.500.000 pesetas, a Comisión de Goberno acorda solicitar da Dirección Xeral de Estructuras e Desenvolvemento Rural, unha redución da obra, segundo o informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, de data 26 de Maio pasado, no senso de establecer como contía máxima do presuposto de execución 2.500.000 pesetas, para que non haxa necesidade de confeccionar proxecto técnico, tendo en conta a cativa importancia técnica da obra de que se trata; por conseguinte, prégame que se acepte esta redución e mesmo que se comunique expresamente que a obra de que se trata está aprobada en firme.

Escrito da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, sobre documentación que regula o sistema arbitral de consumo.

Visto o escrito da Demarcación de Estradas do Estado en Ourense, relativo ó expediente nº 206/93, sobre autorización para cruce con tubería de saneamento no p.k. 592.2 da estrada N-120, no lugar das Chavolas, esta Comisión de Goberno acorda comunicar ó devandito Organismo que o que se trataba era de pasar unha tubería APROVEITANDO UNHA TAXEA XA EXISTENTE , e non facer obras na estrada.

Escrito da Dirección de Arquivos Estatais do Ministerio de Cultura sobre os planos do expediente no cal Ribadavia foi declarada Conxunto Histórico Artístico.

Visto o escrito do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, a Comisión de Goberno acorda que se constitúa a Xunta Pericial de Catastros Inmobiliarios Rústicos, de acordo co establecido no R.D. 1344/1992, do 6 de Novembro.

Coñece a Comisión de Goberno un informe de Secretaría, redactado en cumprimento do acordo acadado na sesión do día 8 de Xuño relacionado coas circunstancias que concorren nun inmovible de Don Gil Alvarez Couto, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Redondela, sobre legalización de baixocuberta no seu inmovible sito na rúa López Ramón.- Tendo en conta tal informe, a Comisión de Goberno, actuando agora na súa calidade de asistencia permanente ó Alcalde, acorda conceder un prazo de dous meses a Don Gil Alvarez Couto, a partir da notificación, para que poida achar a solución de iluminación e ventilación dos trasteiros, toda vez que a Comisión Territorial do Patrimonio Histórico estableceu que non procede a legalización do baixocuberta dado que se modifica a forma externa e engádese volume, coa advertencia de que se esgotado este prazo non se leva a cabo esa solución o Concello estará en disposición de ordenalo derrubamento do ilegalmente construído, previa a instrucción no correspondente expediente.

Coñece a Comisión de Goberno un "atestado" da Policía Local sobre accidente de circulación que ocorreu o día 3 de Xuño corrente nesta Vila, e no que polo que atinxe ó Concello, resultou danado un contedor de recolleita do lixo.

Tamén coñece a Comisión de Goberno un escrito de Dona Elvira Alvarez Cabo, Presidenta da Asociación Provincial de Pasteleiros, que amosa o seu agradecemento pola colaboración deste Concello co gallo da celebración da Xunta Directiva Nacional desa Asociación.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Polo Sr. Alcalde faise presentación da correspondente documentación para a contratación directa da adquisición de sinais de tráfico, que constitúe as seguintes ofertas: Díez y Cía S.A., de Fuenlabrada-Madrid; Galaica de Señalizaciones S.A.,

de Mos-Pontevedra; Norte Industrial de Zamudio-Vizcaya; e Protección Vial S.L. de Ourense.- Consta no expediente un informe do Sr. Aparellador Municipal, de data 7 de Xuño corrente, no que, despois de analiza-las ofertas de que se trata, coida que a que ten os prezos unitarios máis baixos é a presentada por Protección Vial S.L., de Ourense; polo Secretario asesórase á Comisión de Goberno do contido do artigo 120 do R.D.L. 781/86, do 18 de Abril, que permite a contratación directa sempre que non exceda do 5% dos recursos ordinarios do Orzamento da Corporación. Baixo estes supostos, a Comisión de Goberno, por unanimidade, e actuando expresamente como órgano permanente de asesoramento ó Sr. Alcalde, acorda contratar directamente coa empresa Protección Vial S.L. a subministración dos sinais de tráfico segundo a súa oferta que consta no expediente, por un importe total de 908.765 pesetas, I.V.E. incluído. Faise constar que na incorporación de remanentes do Orzamento deste Concello hai crédito bastante para atender esta obriga; no momento da contratación teranse en conta as cláusulas económico-administrativas xerais para a subministración de materiais aprobadas polo Pleno deste Concello, na súa sesión celebrada o día 30 de Decembro de 1988.

Por último, a Comisión de Goberno toma coñecemento e ratifica a aprobación dos aboamentos realizados a prol de Fenosa por subministración de enerxía eléctrica nos meses de Febreiro e Marzo do corrente ano.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.

E sendo as dez menos cuarto da noite o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario accidental, certifico.-